

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 2

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 28 de FEBREIRO de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (ordinaria do 27.12.2018).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2-** Dar conta do decreto da Alcaldía polo que se aproba a Liquidación do Orzamento deste Concello e do seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao exercicio 2017. Expte. 73/143 (Rexistro Pleno 1706/1101).

URBANISMO

- 3.-** Aprobación inicial da Ordenanza Reguladora do Rexistro Municipal de Entidades Urbanísticas colaboradoras do Concello de Vigo. 5180/401 (Rexistro Pleno 1701/1101).
- 4.-** Aprobación inicial do proxecto de Ordenanza Reguladora da Edificación Forzosa e Rexistro Municipal de Soares. Expte. 185/408 (Rexistro Pleno 1710/1101).

Proposicións:

- 5.-** Creación da distinción honorífica "Cidade de Vigo". Expte. 15892/101 (Rexistro Pleno 1711/1101).

Mocións:

- 6.-** Moción do Grupo municipal Socialista amosando o apoio á convocatoria de folga e ás xustas reivindicacións laborais dos traballadores/as da Administración de Xustiza, instando á Xunta de

Galicia a negociar unha solución. Rexistro Pleno 1712/1101.

- 7.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Goberno de España a garantir o poder adquisitivo das pensións mediante unha revalorización xusta e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1713/1101.
- 8.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao M^o de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a tomar as medidas axeitadas para recuperar e garantir o acceso público e gratuito ó dominio público marítimo-terrestre da Illa de Toralla. Rexistro Pleno 1715/1101.

PARTE DE CONTROL

- 9.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 10.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 11.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 12.01.2018, referente á delegación de competencias para a celebración de eventos deportivos na cidade, no concelleiro delegado de Deportes. Expte. 17028/333 (Rexistro Pleno 1699/1101).

Mocións.

- 12.- Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo apoiando a Folga Feminista do 8 de marzo, así como tódalas mobilizacións e accións convocadas co mesmo obxectivo e facilitando tódolos medios dispoñibles para garantir o dereito á folga. Rexistro Pleno 1718/1101.
- 13.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal tódalas analíticas realizadas por AQUALIA, así como a realizar unha auditoría pública externa da rede de abastecemento e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1716/1101.
- 14.- Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a elaborar e desenvolver un Plan Estratéxico Cultural para Vigo e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1717/1101.
- 15.- **Formulación de rogos.**
- 16.- **Formulación de preguntas.**

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E OITO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.